



Resolución do 28 de abril de 2020, da Secretaría Xeral da Emigración pola que se continúa o prazo de presentación de solicitudes establecido na Resolución do 24 de febreiro de 2020, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de cento cincuenta (150) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2020/21 nunha universidade galega (código de procedemento PR911A).

Con data do 5 de marzo de 2020 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 24 de febreiro de 2020, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de cento cincuenta (150) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2020/21 nunha universidade galega (código de procedemento PR911A).

O artigo 8 establece que o prazo de presentación de solicitudes comezará desde o día seguinte ao de publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia (6 de marzo de 2020) e finalizará o día 30 de abril de 2020 ás 23.59 horas (hora peninsular española).

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, (BOE núm. 67, do día 14 de abril de 2020), declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e establece, na súa disposición adicional terceira, a suspensión de termos e interrupción de prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos reanudarase no momento no que perda vixencia o presente real decreto o, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

De acordo co previsto no acordo do Consello da Xunta do 3 de abril de 2020 (DOG núm. 69 bis do día 8 de abril de 2020), sobre continuación de procedementos de adxudicación de contratos e de concesión de subvencións que estivesen en tramitación no momento de entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19; a Secretaría Xeral da Emigración ditou con data do 28 de abril de 2020 a resolución de levantamento da suspensión dos prazos e de cotinuación de tramitación deste procedemento.

O prazo de presentación de solicitudes reanúdase a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración (<http://emigracion.xunta.gal/>), ata o





dia 29 de maio de 2020, xa que retrasar máis o prazo de presentación de solicitudes levaría á imposibilidade material de xestión deste programa de bolsas.

A imposibilidade material de xestión xustifícase no seguinte:

- As persoas que solicitan a bolsa, de xeito paralelo deben tramitar a súa preinscrición e realizar a matrícula nos másteres do seu interese nas universidades galegas nos prazos que elas establezan que son no mes de xuño e xullo de 2020, polo que deben saber con antelación suficiente cal é a súa puntuación para poder optar á bolsa.
- Por outra parte, un dos méritos que se examinan nesta convocatoria é a nota media do expediente académico, que no caso dos estudos e títulos universitarios realizados no estranxeiro é necesario verificar por unha subcomisión formada por persoal das tres universidades galegas que comproba e revisa os datos, e que para poder cumprir cos prazos de matrícula das universidades, deberán realizalo a principios do mes de xuño de 2020.
- Por último, as persoas beneficiarias das bolsas residen no estranxeiro e deben preparar as viaxes desde os seus países de procedencia coa antelación suficiente, máxime neste momento de crise sanitaria .

Tendo en conta que a tramitación do procedemento de bolsas é exclusivamente electrónica, que as persoas solicitantes durante todo o tempo en que estivo declarado o estado de alarma puideron seguir presentando as súas solicitudes con total normalidade a través do formulario accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, e coa finalidade de poder cumprir cos prazos establecidos na convocatoria e cos prazos establecidos polas universidades, e dado que non se causan prexuízos a terceiros, en virtude do artigo 26 das bases da convocatoria e polo exposto anteriormente,

RESOLVO:

Continuar o prazo de presentación de solicitudes das bolsas excelencia mocidade do exterior ata o día 29 de maio de 2020 ás 23.59 (hora peninsular española).

Santiago de Compostela,

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda



Xacobeo 2021

